



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua: Comunicación escrita e oral en español

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Lingua: Comunicación escrita e oral en español | | | |
| Código | V01G181V01108 | | | |
| Titulación | Grao en Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | Pérez Rodríguez, María Rosa | | | |
| Profesorado | Anaya Revuelta, Inmaculada Pérez Rodríguez, María Rosa | | | |
| Correo-e | rosa@uvigo.es | | | |
| Web | http://moovi.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | A materia revisa e reforza os coñecementos de lingua española que ten o alumnado. Ademais, a materia incide na aplicación práctica da norma académica adaptada á construción de discursos orais e escritos de carácter formal en contextos comunicativos diversos. | | | |

Resultados de Formación e Aprendizaxe

| | | | |
|--------|---|--|--|
| Código | | | |
| A1 | Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. | | |
| A4 | Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. | | |
| B1 | Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios. | | |
| B4 | Capacidade de comunicación oral e escrita en inglés e en outras linguas do ámbito europeo. | | |
| B8 | Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organízalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico. | | |
| C12 | Habilidade para utilizar de forma competente as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación. | | |

Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|--|---------------------------------------|----------|
| Coñecer a norma do español. | A1 | B1 |
| Coñecer as técnicas para a elaboración de discursos orais e escritos. | A4 | B1 B4 |
| Distinguir entre os diferentes rexistros do español (coloquial, estándar, culto) | A1 A4 | B1 |
| Elaborar discursos orais e escritos efectivos e coherentes. | A1 A4 | B4 B8 |
| Manexar as ferramentas básicas para a elaboración e corrección do discurso oral e escrito. | | B1 C12 |
| Evitar o plaxio. | | C12 |
| Nova | | |

Contidos

| |
|------|
| Tema |
|------|

| | |
|---------------------------------------|---|
| 1. Introducción. | 1.1. Unidade e variedade da lingua. 1.2. O concepto de norma. 1.2. Norma e estándar. O estándar culto en español. A política lingüística panhispánica da RAE. |
| 2. Norma: ortoloxía e ortografía. | 2.1. Lingua oral vs. lingua escrita. Aspectos xerais. 2.2. Pronunciación. Conceptos básicos de fonética e fonoloxía do español. 2.2. Ortoloxía. Dificultades na pronunciación do español. Vulgarismos. 2.3. Cuestións básicas sobre entonación. 2.4. Ortografía e puntuación. |
| 3. Organización e creación de textos. | 4.1. Aspectos de gramática normativa. 4.2. A linguaxe inclusiva e o funcionamento do xénero gramatical. 4.3. Coherencia, cohesión e adecuación. 4.4. Presentación e edición de textos formais. Uso do procesador de textos. Sistemas de citas e evitación do plaxio. |
| 4. A comunicación oral en español. | 2.1. O discurso oral formal. 2.2. Corrección e precisión lingüística. 2.3. A comunicación non verbal. 2.4. Preparación de presentación orais. |
| 5. A norma académica e o léxico. | 3.1. Corrección no léxico: neoloxismos, préstamos, cultismos; erros habituais. 3.2. Materiais de consulta: dicionarios, gramáticas, manuais de estilo. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Actividades introdutorias | 2 | 0 | 2 |
| Lección maxistral | 20 | 30 | 50 |
| Resolución de problemas | 20 | 40 | 60 |
| Presentación | 6 | 12 | 18 |
| Traballo tutelado | 2 | 10 | 12 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 1 | 3 | 4 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 1 | 3 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---------------------------|---|
| Actividades introdutorias | Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Recoméndase ao alumnado que, de non poder asistir a esta sesión, na que se proporcionará información sobre o desenvolvemento e planificación do curso, se poña en contacto coa docente. |
| Lección maxistral | Exposición por parte da profesora de contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que oa alumna ou alumno ten que desenvolver. |
| Resolución de problemas | Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións apropiadas ou correctas mediante a aplicación de diferentes rutinas ou procedementos. Téñase en conta que parte dos temas que figuran na sección de "Contidos" non se abordará nas clases teóricas, senon que se tratará íntegramente nas sesións prácticas (o tema 5, por exemplo). |
| Presentación | Exposición por parte do alumnado ante a docente e un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... |
| Traballo tutelado | A alumna ou alumno, de maneira individual, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------|--|
| Resolución de problemas | A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiarao na resolución das actividades e exercicios que se propoñan. |
| Presentación | A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiarao na preparación das presentacións ou exposicións orais. |
| Traballo tutelado | A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiarao na preparación dos traballos tutelados. |

| Avaliación | | | | |
|---|--|----|---------------|---------------------------------------|
| | Descrición | | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
| Resolución de problemas | Exame: exercicios, actividades ou problemas. | 20 | A4 | |
| Presentación | Presentación oral dun traballo individual cuxo tema se acordará previamente coa docente | 30 | A4 | |
| Traballo tutelado | Presentación dun ou varios (non máis de tres) traballos escritos relacionados coa materia. | 30 | A1 | |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Exame: pregunta(s) aberta(s) sobre un tema do programa | 10 | A1 | B4 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Exame: preguntas breves sobre aspectos concretos do programa | 10 | A1 | B4 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Avaliación continua

Non se esixe asistencia a clase para acollerse ao sistema de avaliación continua; con todo, a materia é presencial: é responsabilidade do alumnado, asista ou non a clase, manterse ao tanto da materia (e das novidades ou axustes que se poidan producir ao longo do curso) a través do contacto coa docente e da plataforma MOOVI. A avaliación estrutúrase en tres partes: 1. Traballo(s) escrito(s) (30%) 2. Presentación oral (30%) 3. Exame (40%). Neste exame, que terá lugar na data prevista no calendario oficial da Facultade, concéntranse as partes da avaliación definidas como "exame: preguntas abertas", "exame: preguntas breves" e "exame: exercicios, actividades e problemas". A información sobre as datas de entrega dos traballos e a presentación oral, así como as instrucións para abordalos, estará dispoñible en MOOVI.

Avaliación única

O alumnado que opte pola avaliación única deberá superar as tres partes da avaliación (traballo/s escrito/s, presentación oral e exame) na data oficial de exame sinalada pola Facultade. O alumnado que opte por este sistema deberá comunicalo por escrito (correo electrónico) ás docentes antes do 1 de outubro. De non comunicar nada, enténdese que se opta por avaliación continua.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

Quen non alcancen o aprobado na primeira oportunidade poderán presentarse en xuño ou xullo, na data oficial correspondente. Ademais de facer o exame (que nesta ocasión valerá o 70% da nota) terán que realizar unha presentación oral (nas datas e condicións que se acordarán co profesorado). Nesta segunda oportunidade será necesario presentarse unicamente á parte ou partes nas que non se alcanzou o aprobado previamente (parte oral e/ou parte escrita).

IMPORTANTE

Para aprobar a materia é requisito indispensable obter unha cualificación de polo menos 5 puntos (sobre 10) en cada unha das partes. De non cumprirse este requisito, aínda que a suma das partes alcance ou supere o 5 (sobre 10), a alumna ou alumno non superará a materia. Nas probas de avaliación non só se terá en conta a adecuación e calidade dos contidos, senón tamén a corrección lingüística e o rigor académico. Penalizaranse os erros de expresión (ortografía, puntuación, incoherencias sintácticas, uso inapropiado do léxico, etc.). No caso de que se detecte copia ou plaxio nalguna proba, esta cualificarase cun cero.

O alumnado erasmus interesado en cursar a materia deberá ter presente que resulta altamente recomendable ter un nivel de lingua española igual ou superior a C1.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cassany, Daniel, **La cocina de la escritura**, 21, Anagrama, 2012

Martínez de Sousa, José, **Ortografía y ortotipografía del español actual**, 3, Trea, 2014

Fernández Romero, José Antonio, **Manual guía atípico y sinóptico para la corrección de textos (ortografía y morfosintaxis)**, 1, Uvigo, 2012

Montolío, Estrella (coord), **Manual práctico de escritura académica**, 1, Ariel, 2000

Real Academia Española, **Ortografía de la lengua española**, 1, Espasa, 2010

Real Academia Española, **Diccionario panhispánico de dudas**, 1, Santillana, 2005

Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española, **Nueva gramática de la lengua española**, 1, Espasa, 2009

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

O alumnado debe responsabilizarse de consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI, onde as docentes irán pondo á súa disposición os temas e exercicios que se vaian traballando en clase.

O alumnado erasmus interesado en cursar a materia deberá ter presente que resulta altamente recomendable ter un nivel de lingua española igual ou superior a C1.
